

A VIDA PENDENTE DUN FÍO (Sarai Fernández Barreiro e Diana Pereria Sanromán, 3º ESO B)

O meu nome é Cristina e vouvos contar a miña historia dende o principio.

Hai uns cantos anos coñecín a un mozo. El era moi educado, simpático, un rapaz no que a simple vista poderías confiar, pero todo aparencias. Xerardo, así se chama el, era alto, de ollos marróns e sobretodo moi atento comigo.

Nunca ninguén antes me dixerá tantos piropos xuntos e se interesara tanto por min, xa que eu non son o prototipo de muller na que se soe fixar un home.

Eu son moi graciosa, sempre estou facendo rir á xente, non me gusta estar enfadada todo o día nin discutir. Algo que podo destacar de min é que son moi aberta coas persoas, axiña dou confianza, aínda que ás veces o paso moi mal por dar tantas confianza e fanme dano. Teño o pelo louro, os ollos azuis e son un pouco gordecha.

Pero xa está ben de describirme, vou ir directamente á historia.

Pasaron os días nos que o via seguido. El viña á miña casa, xunto ó meu irmán, por iso o coñecín. Conforme ían pasando os días íame gustando cada vez máis e máis ata que me namorei del. Tiña uns detalles que facían que calquera persoa quixese pasar o resto da súa vida con el.

Ó cabo dunhas semanas fixémonos mozos e meses máis tarde fomos vivir xuntos.

Estaba convencida de que seríamos moi felices e estaríamos xuntos toda a vida, ou iso pensaba eu.

Os primeiros meses de convivencia xuntos foron estupendos, non nos separabamos nin un intre sempre estabamos xuntiños, íamos xuntos á praia pasear pola orilla collidos da man, tamén íamos ó cine mirarmos unha película romántica e bicabámonos apaixonadamente... Todo era todo moi bonito, eramos a parella perfecta.

Pero co paso do tempo fómonos distanciando máis e máis. Non pasabamos tempo xuntos, xa que el estaba ocupado no traballo ata moi tarde e eu, facendo as tarefas do fogar, esperando a que Xerardo volvera de traballar.

Eu añoraba tanto os seus bicos, as súas caricias, as súas palabras; a verdade é que botaba en falta todo del e case esquecera o significado da palabra AMOR.

Cada día sempre tiñamos unha razón distinta para discutir e eu xa comezaba a estar farta das súas discusións e de todo canto estaba a acontecer na nosa relación.

Non vía por ningures algo de agarimo del dende que comezou a traballar de autónomo. Xerardo pasaba moitas horas na oficina e non se preocupaba de min, nin da súa familia, nin del. Sentía que xa non despertaba nada nel e iso disgustábame moito, xa que non vía por que tiña que comportarse así comigo cando eu o trataba coma un rei, sempre ben atendido, vendo se lle faltaba algo, pendente de comprarlle o que el dixerá e cando el dixerá, de vestilo de todo, non entendía por que esa reacción cara a min nin ese desprezo. Eu penso que non merecía esas discusións por como limpo, como lle paso o ferro á camisa, por como cociño, porque saio comprar pola tarde, por todo. El discutía como se fose toda unha rutina para el, estar todo o día enfadado con todos e principalmente comigo.

Eu soñaba con ter un fillo, meu e del, como resultado do amor que nos tiñamos.

Eu quería formar unha familia. Eu esperaba que el estivese de acordo niso, aínda que discutíramos moito, o amor podería con todo iso. Facíame moita ilusión que Xerardo estivese presente o día do seu nacemento, o día no que o noso neno comezase a camiñar, o día que dixese a súa primeira palabra, que o arroupase polas noites cando tivese frío ou cando tevese medo, que o acompañase o seu primeiro día de colexio... Esas cousas que soe facer un pai por un fillo.

Un día decidín ir xunto a el e falar. Comenteille que desexaba ser nai, el botouse a rir e díxome que nunca iamos ter fillos, que el non quería, que os nenos son un estorbo na vida das persoas, e que non paran de chorar polas noites, e que cos anos van pedir cartos todos os días.

Respondinlle:

- Xerardo, meu amor, se temos un fillo unirémosnos moito máis, non estaremos como agora un por un lado e o outro polo outro. ¿Por que non queres ter un fillo se é o mellor que che pode pasar na vida? Tamén estaremos máis tempo xuntos.
- Mira ruliña, se non pasamos tempo xuntos é porque eu estou todo o día traballando para que cada día teñamos un anaco de pan que levar á boca, mentres que ti o único que estás a facer na casa é mirar a televisión, rañando a barriga e cando che apetece limpar algo a casa, que dá pena ver como a tes.
- Iso non é así, estaste equivocado comigo. Mentres ti estás no traballo, eu limpo a casa, fago a comida para que cando chegues poidas comer todo ben quenteño, poño a lavadora, lavo os pratos... Mira, non che vou estar nomeando as cousas que fago na casa porque iso xa se ve.

-Como se iso fose traballar, muller. Se te cansas de facer algo, séntaste no sofá e poste a mirar a televisión. Levas unha vida de ricos e aínda por riba contéstasme, ti non tes vergoña ningunha!

-Que eu non cobre un salario polas tarefas que fago na nosa casa, non quere dicir que non traballe, porque seguramente eu fago moito máis ca ti, porque ti séntaste no teu sillón e a túa secretaria faiche todo así que non esteas a fungar, de acordo? Señorito que todo sabe e todo entende!- contesteille enoxada.

De repente mirou para min con cara enfurecida e pegoume unha labazada tras outra mentres me gritaba que non se me ocorrese volver a contradicilo e moito menos se se trataba da maneira en que el exercía o seu traballo e aínda por riba comparándoo co meu.

Non podía crer o que acababa de acontecer, non o podía crer. O mozo que eu amaba, a persoa que máis quería no mundo, pegoume unha labazada tras doutra sen pensar o dano que me estaba a facer. Nese intre comecei a chorar. Non o coñecía, parecía outro home, o meu Xerardo non era así, el non era unha persoa violenta.

A verdade é que dende hai un tempo, eu notábo máis raro, algo diferente, pero nunca imaxinaría que cambiase tanto; de ser unha persoa á que non lle gusta discutir a ser un home violento que non me estaba a respetar como muller.

De alí a unhas horas achegouse a min, non sabía o que ía facer e eu encollínme por se me pegaba de novo. Pero non foi como eu pensei, achegouse a min e pedíume perdón. Despois dun tempo pensando, decidín aceptar as súas desculpas, pensei que o seu comportamento foi causa do estrés, ou sabe deus de que, cando estábamos a discutir.

Pero días máis tarde deime conta que non era como eu pensaba e como eu quería que fose.

Tivemos outra discusión. Todo comezou cando eu lle preguntei se podía botarme unha man cunhas tarefas da casa que tiña pendentas. El contestoume que iso soamente o facían as mulleres, que os homes non debían nin podían facer iso.

Eu non estaba de acordo e fixenlle saber algunhas das miñas opinións.

Comezamos a discutir de novo como a outra vez. Xerardo volveu mirarme con aquela cara coa que me ollara o dí no que me zoupou. Eu tremía co que intuía que ía pasar, entón el ... colleume do pelo e arrastroume por toda a casa soltando pola súa boca barbaridades sobre min e todas as mulleres.

Eu intentei defenderme pero non era capaz, tiña máis forza ca min. Estaba desesperada e comecei a pedir auxilio, berraba coma nunca na vida o fixen, pero canto eu máis berraba el máis forte me zoupaba. Estivo baténdome ata que perdín o coñecemento. Cando espertei estaba atada na cama, chea de magulladuras por todo o corpo e cortes.

Non sei como volvin crer a ese home despois de pegarme, pero el veu de novo pedirme perdón polo que me fixera e eu de parva crino.

Unha tarde decidín ir dar unha volta, xa estaba cansa de non saír nin á porta da casa, parecía que estaba nun cárcere, necesitaba despexarme e sentir o aire frío na miña pel, non sei, sentirme un pouco liberada.

Polo camiño atopei a uns rapaciños pedindo esmola na rúa. Déronme moita pena. Estaban todos sucios, levaban a roupa chea de remendos e parecían estar famentos. Eu achegeime onda eles e díxenlles que me acompañasen, que eu lles ía mercar roupa e algo para comer. Leveinos a unhas tendas que se atopaban dentro do centro comercial. Alí había unha morea de roupa onde escoller e rebaixada á metade do prezo. Merqueilles unhas camisetas, uns pantalóns, uns zapatos e un abrigo a cada un. Despois leveinos a un restaurante, preto da miña casa, para que puidesen comer e beber algo. Dábame moita pena ver como aqueles rapaces comían como se fose o último que farían na vida, facían moi rápido, tiñan moita fame, sabe deus canto tempo levarían sen comer aqueles pobres cativos.

Ao rematar fomos ao parque onde os atopei antes. Deilles un bico na meixela a cada un e prometinlles que unha vez á semana iría onda eles para visitalos.

Xa se estaba facendo de noite e tiña algo de fame e frío, polo que decidín voltar á miña casa. Mentres camiñaba, pasábaseme pola cabeza o ben que me sentira axudando a aqueles dous cativos, pero sentíame algo preocupada porque non sabía onde ían durmir e que ían cear, xa que non tiñan cartos para poder mercar algo.

Cando cheguei á casa e vin que todo estaba a escuras sentía que algo non ía ben.

O meu mozo non estaba e soía chegar cedo.

Deixei o abrigo e o bolso na sala e dirixinme cara ó meu cuarto. Cando abrín a porta e encendín a luz vino a el. Xerardo, sentado nunha cadeira e co cinto na man, achegouse a min, agarroume polos pelos e comezou a golpearme de novo. Estaba enoxado comigo porque non estaba no casa cando el chegou. Dixo que era unha lurpia porque andaba de festa con outros. Eu intentei explicarlle o que pasara pero non me facía caso. Insultábame, chamábame mentireira e todas as cousas que non se lle deben dicir a unha persoa á que queres. Díciame que estaba tola e eu xa non sabía que facer para que me escoltase xa estaba farta de todos os insultos e todas as malleiras que me dera durante todos aqueles anos.

Cando me soltou dirixinme a el e díxenlle:

- Xa estou farta dos teus maltratos, dos teus insultos. Acabouse todo, marcho da casa para sempre, non te quero volver ver, non creo as túas desculpas. Antes si as cría porque estaba cega, porque te quería e cria o que me dicías. Pero iso acabou, así que ti fai a túa vida e eu xa farei a miña.

Canto máis me defendía e lle dicía na cara todo o que pensaba del, máis se enchía de furia. Bateume con tanta forza na meixela que quedoume a marca dos seus dedos na miña pel. Eu non paraba de gritarlle que me deixase pero el non me facía caso. As

bágoas non paraban de esvarar pola miña cara, estábame a facer moito dano, ninguén na vida me fixera tanto dano psicolóxica e fisicamente.

Pareceume escoitar golpes na porta e os berros do meu veciño que intentaba axudarme e que chamou á policía. Xerardo púxose nervioso, decidiu atarme as mans e os pés cunha corda e púxome un pano na boca para que non puidera berrar. Colleume en brazos ata o coche, que se atopaba no garaxe, abriu o maleteiro e meteume alí.

Eu estaba moi asustada, pensaba que a miña vida chegara ó seu fin, que non podería despedirme de ninguén. Todo acabara xa para min.

Eu intentaba desatarme. Ao cabo dun pouco o coche detívose, estivo parado bastante tempo.

Eu estaba moi débil, faltábame o aire. Mentres estaba alí pechada, escoitei unha conversación entre o meu mozo e un home. Calei por un intre e intentei escoitar o que estaban a falar. Cun par de datos que escoitei, deducín que estabamos nunha gasoleira e que o home traballaba alí.

De novo, seguiu o seu traxecto, despois duns minutos o coche detívose. El abriu o maleteiro e sacoume de alí. Enfronte de nós atopábase unha casa vella e coa herba sen cortar no xardín, a verdade é que aquela casa estaba nunhas condicións infrahumanas, notábase que se atopaba deshabitada. Axiña me meteu dentro dun cuarto no que só había unha cama e unha bombilla. Coas mantas da cama limpei como puiden o sangue que tiña na cara e por todo o corpo.

Pola noite non fun capaz de pegar ollo así que tiven tempo para pensar. Eu cría que non ía estar moi lonxe da gasoleira, xa que transcorrera pouco tempo dende ela ata onde me atopaba agora. Tamén imaxinaba que a policía non ía tardar moito tempo en atoparme porque eles sabían a matrícula do coche. Ademais, a estas horas xa debería haber unha morea de fotografías nosas xa que levabamos alí varios días.

Eu tiña moitas esperanzas de que me atopasen.

Pola mañá Xerardo entrou no cuarto e deixoume algo para comer e para beber.

Achegouse ó meu lado e bicoume na fronte, quitoume o trazo da boca e eu sen pensalo dúas veces cuspinlle na cara, e el volveume sacudir mentres sorría.

Berreille que non tiña nada que facer, que tarde ou cedo íano atopar e ía ir preso por maltrato e por secuestro pero el contestou:

-Tranquila muller, que a un home coma min non o colle ninguén. Entendes?

E marchou dando un portazo.

Eu intentei poñerme en pé pero non fun capaz, tiña os pés e as mans atados.

Comecei a berrar con todas as miñas forzas para ver se alguén me escoitaba.

De repente entrou Xerardo pola porta e tapoume a boca co trazo.

Pasou bastante tempo ata que conseguín durmir e foi entón cando escoitei as sirenas do coche da policía.

Xerardo sacoume do cuarto e levoume cara á ventá. Unha vez alí colleume polo pescozo e sacou unha navalla do peto do pantalón e ameazoume con ela. Abriu a ventá e díxolles aos policías que se se achegaban, mataríame.

Tamén lles dixó que ía saír pola porta e necesitaba ter o camiño despexado, que non o seguisen e que me deixarían na próxima gasoleira.

A policía non sabía que facer xa que, se non lle facían caso, mataríame.

Despois de cavilalo durante un tempo decidiron aceptar a súa proposta para que, mentres eles despexaban a saída, uns axentes puidesen entrar na casa pola porta traseira.

Todo sucedeu moi rápido e os axentes fixeron moi ben o seu traballo. Xerardo estaba mirando pola ventá e, sen que se dera conta de que os axentes xa estaban detrás del, disparáronlle para poder liberarme. Todo acabou ben.

Xerardo estivo no hospital uns días, cando se recuperou levárono ó cárcere.

En canto a min, custoume moito traballo superar esa experiencia, se se lle pode chamar así. Refíxen a miña vida tres anos despois. Agora estou cun home que me trata moi ben e axúdame a superar o que me aconteceu .

Só che vou dicir unha cousa: isto é para que, se che pasa o mesmo, o denunciés e non teñas medo. Hoxe en día ofrécenche moitas axudas, loita polo que de verdade queres e abre os ollos, a violencia non leva a ningures!